

A LEDICIA DE LER

“Un folletín galego”

CARLOS CASARES

La Voz de Galicia. 24 de agosto de 1975



DOCUMENTOS DA FUNDACIÓN CARLOS CASARES

La Voz de Galicia

A LEDICIA DE LER é unha sección que Carlos Casares publicou en *La Voz de Galicia* de 1975 a 1980, onde trataba temas literarios e lingüísticos, ademais de dar conta das novidades editoriais da época. O texto está adaptado á normativa galega actual. Queremos agradecerlle a *La Voz de Galicia* a cortesía manifestada en todo momento e as facilidades para achegar este material ao público.

Un folletín galego

CARLOS CASARES – LA VOZ DE GALICIA. 24 DE AGOSTO DE 1975

Durante as temporadas de 1941 e 1942, estreáronse en Bos Aires dúas pezas teatrais de Manuel D. Varela Buxán, que despois de máis de trinta anos aparecen publicadas en Galicia, mercé a Ediciones Celta, de Lugoⁱ. A primeira delas titúlase O ferreiro de Santán, e a segunda chámase Taberna sin dono. Se facemos caso do que se promete na solapa do libro, axiña aparecerán outras obras dramáticas do mesmo autor, tales como Se o sei... non volvo á casa (comedia dramática), A xustiza dun muiñeiro e Pola nosa culpa (pezas cómico-sentimentais), Galiza canta (revista), Meu pai e Triste retorno (dramas), O cego de Fornelos (peza sentimental), ¿Pista ou peste?, ¡Por borrachín! e As tres Maruxas (pezas cómicas), e finalmente, Esceas campesiñas, en formas de diálogos e monólogos. Como se ve, un bo mangado de páxinas dun autor que parece que por aqueles anos colleitou sona e triunfos entre os membros das colonias de emigrantes galegos no Uruguai e na Arxentina. A importancia deste dato final é grande, pois permitirá tirar unha serie de consecuencias de tipo sociolóxico nada desprezables. Por outra parte, estas obras parecen escritas expresamente para ese público, feito este que condiciona algunha das súas máis relevantes características.

A primeira das publicadas, O ferreiro de Santán, é un modelo de folletín político que como tal ben merecería a pena unha análise detida. Nada falta nel: nin o maniqueísmo moral de protagonistas e antagonistas, nin o amor que vence as rivalidades ideolóxicas, nin o arrepentimento final, nin a nobreza e xenerosidade dos vencedores, nin o premio da virtude e o castigo do pecado... As cousas ocorren máis

ou menos do seguinte xeito. Nunha aldea da provincia de Pontevedra (posiblemente das terras de Deza, onde actualmente vive o autor) as eleccións que se aveciñan van enfrontar a don Pepito, cacique da comarca, e ao fillo do muiñeiro de Rodís, que non aparece en toda a obra, pero do que acabaremos sabendo que é un rexo mozo, neto de avós de sonada fermosura e que coñece os problemas dos labregos. As súas ideas galeguistas, anticentralistas, están representadas na obra por Breogán (obsérvese o simbolismo do nome) e o seu pai Farruco, ferreiro de Santán, lugar onde transcorren os feitos. Don Pepito é un figurón de setenta anos, sen ideas nin formación, aínda que de bo fondo. Breogán, en cambio, é un apostado mozo de vintecinco anos, con ideas claras e bastante ben formado. Pola súa parte, Farruco, a quen os abusos dos malos políticos converteron nun home rutineiro, mecánico, pesimista e sen carácter, acaba transformándose, pola forza dos acontecementos que vai vivindo, nunha persoa de temperamento rexo e insubornable. Naturalmente, don Pepito espera gañar as eleccións. Para iso conta coa forza pública, coa Administración e, sobre todo, co seu poder e co dominio económico que exerce sobre os seus veciños, moitos dos cales están endebedados con el. A forza de Breogán descansa no seu verbo florido, que admira e convence aos auditorios. Desgraciadamente para don Pepito, que é un pésimo orador que provoca risos nos labregos que o escoitan, este feito parece ha ser decisivo para o triunfo final. Porén, unha circunstancia fortuíta devólvelle a esperanza de endereitar as cousas. Resulta que a súa filla Alborada (vinte anos, fermosa, risoña e afable), que non comparte as ideas paternas, acepta o amor que Breogán lle confesa e que ela secretamente correspondía, nunha escena que transcorre na forxa do ferreiro. Cando ambos os dous están amorosamente abrazados (o que contemplan os pais de Breogán sen ser vistos, chorando de emoción) aparece Marica, nai de Alborada e muller de don Pepito (inculta, mal carácter, chea de prexuízos) que interpreta os feitos da maneira torta que os espectadores agardan.

Como consecuencia, don Pepito *acosa a Breogán* ⁱⁱ evidente intención de eliminalo como rival político e consegue que se vaia do pobo despois de pagarlle cinco mil pesetas que Breogán acepta nunha escena equívoca. Axiña saberemos que o diñeiro vai destinado ás eleccións. Estas celébranse e... gáñaas o candidato galeguista. Don Pepito perde toda a súa autoridade e ten que soportar que o ferreiro Farruco (a quen algúns chaman xa don Farruco, cousa que el non acepta, por suposto) lle quite o “don” no trato e lle diga Pepito a secas. Tamén ten que soportar que o xornaleiro Xosé, incondicional seu, se pase ao inimigo, recoñecendo os seus erros e implorando un perdón que se non se lle concede levarao vivir no monte, voluntariamente apartado de todos, como expiación do seu pecado. ¿E don Pepito? A don Pepito sálva o Amor. Porque antes, Breogán e Alborada casaron en secreto. Na escena final o político corrompido e noxento convértese ás ideas contrarias, recoñece ter sido “un porco centralista” e comeza unha vida nova. Iso si, pídelle tenramente ao seu xenro: “Se non me queres dar morte... ¡déixame ser cacique!”

Como se pode apreciar, a peza dá pé para unha análise ampla. Algún día haberá que facer un estudo de socioloxía literaria, con toda unha serie de obras que en Galicia son xa abundantes e que merecen algo máis que a distancia olímpica que algúns toman respecto delas.

* * *

ⁱ Manuel D. Varela Buxán, *O ferreiro de Santán, Taberna sin dono* (Teatro galego). Ediciones Celta, Lugo, 1975.

ⁱⁱ [Nota do transcritor]. En cursiva reconstrúese unha frase perdida na montaxe orixinal da sección.